

Almanaque Agrícola

ano
LXVIII



Ano 2020
Ano bisesto

Illa de Cortegada
(Pontevedra)

syngenta

A mellor elección funxicida para o seu viñado



A **nova xeración** funxicida
sinérxica e sustentábel para
controlar o **mildio** da vide

 **Ampexio**[®]

 **syngenta.**

© 2017 Syngenta. Todos os dereitos reservados.
™ y ® son marcas comerciais do Grupo Syngenta.
Use os produtos fitosanitarios de maneira segura.
Lea sempre a etiqueta e a información sobre o produto antes de usalo.


Índice

Identificación e trazabilidade nos produtos fitosanitarios	4		
Rescatando anacos do noso pasado: O Loureiro	10		
Rescatando un anaco da nosa cultura: "O Ferrador"	14		
Convocatoria novo certame: "O oficio de Tellador ou Cabaqueiro"	26		
As nosas castes de vide: A variedade "Caíño Longo"	28		
Xaneiro	32	Santiago	44
Febreiro	34	Agosto	46
Marzo	36	Setembro	48
Abril	38	Outubro	50
Maio	40	Novembro	52
San Xoán	42	Nadal	54
Guieiro de herbas medicinais	57		
Guía de tratamentos viñedos galegos	60		
Outros males da viña	62		
Consellos para os coidados da viña	64		
Tratamentos das froiteiras de carabuña	67		
Tratamentos a facer nas maceiras e pereiras	68		
Tratamentos de invernadoiros e hortas	70		
Tratamentos das patacas	72		
Tratamentos do millo e outros cereais	74		
O Parque Natural: Arquipélago de Cortegada	75		
Feiras gastronómicas	82		
Catálogo xeral de produtos fitosanitarios	89		
Lendas	116		
Valor dos ferrados galegos en metros cadrados	118		
Enderezos dos nosos colaboradores	122		



a nosa fábrica

Identificación e trazabilidade nos produtos fitosanitarios



O termo trazabilidade recolle o conxunto de todos aqueles procedementos preestablecidos e autosuficientes que permiten coñecer o histórico, a localización e maila traxectoria dun produto ou lote de produtos ao longo da cadea de subministración nun momento dado, mediante o emprego dunhas ferramentas determinadas.

Só coa definición, probablemente, non dá unha idea o suficientemente clara do importante que é asegurar e controlar a trazabilidade nas opera-

ción cotiás, tanto no traballo coma na nosa vida diaria.

Hai algúns sectores que todos identificamos como sensibles e fan que nos deamos conta do importante que pode chegar a ser a trazabilidade, como son o sector alimentario, o farmacéutico, o veterinario, o agrícola... Son sectores onde a relación directa entre o consumo de materiais, o de medicamentos e os efectos na saúde é obvia e, polo tanto, todos sabemos da importancia de manter a trazabilidade en toda a cadea de subministración.

Hai outros sectores como o da automoción, onde pode non ser tan obvia a necesidade de manter unha boa trazabilidade na produción. Non obstante, vese o importante que é saber identificar as unidades producidas e as pezas que as compoñen nos casos en que se detecte un fallo ou haxa unha sospeita.

No sector químico, e concretamente na produción de fitosanitarios, tamén se debe manter a trazabilidade dos seus compoñentes de maneira estrita. Os sistemas adecuados de identificación e trazabilidade son necesarios para garantir a calidade das formulacións, a seguridade no manexo tanto das materias primas coma do produto final, facilitar a distribución e venda dos produtos e tamén detectar casos de falsificacións.

Nos últimos anos os requisitos de identificación e trazabilidade aumentaron debido a causas moi variadas. Menciónanse algunhas destas causas a continuación.

A produción para un mercado global: Un produto producido na fábrica de Syngenta, no Porriño, pode ser aplicado nunha poboación próxima e tamén ser aplicado a miles de quilómetros de distancia, noutro país onde a mesma formulación estea rexistrada e a súa aplicación permitida.

Os cambios na loxística: O punto anterior non sería posible sen os medios de transporte e os centros loxísticos actuais. Os grandes centros loxísticos precisan de sistemas de identificación das mercancías que permitan recepcións e despachos áxiles e automatizados.

Os cambios regulatorios: A lexislación de aplicación a fitosanitarios cambia a miúdo. E nos últimos anos hai países que están aumentando os requisitos de trazabilidade e identificación dos produtos fitosanitarios

As melloras na calidade das formulacións: Co obxectivo de mellorar a calidade e ofrecer produtos máis seguros, a miúdo é necesario aumentar o número de compoñentes na súa composición. A maior número de compoñentes o máis importante é dispoñer de bos sistemas de control dos materiais que eviten posibles confusións.

Os requisitos dos clientes: Os clientes e distribuidores valoran e exigen que exista unha transmisión de información nas operacións comerciais o máis automática e informatizada posible.



Que debemos facer en Syngenta?

As fábricas de formulación e envasado de produtos de Protección de Cultivos son unha parte clave da cadea de subministración para garantir a trazabilidade; polo tanto, debemos implantar os sistemas de control e aseguramento de trazabilidade que respondan aos requisitos do mercado actual. Estes sistemas teñen que abarcar todas as operacións que se fan na fábrica, dende o momento en que se lanza un pedido a un provedor dunha materia prima, ata o momento en que se emite a documentación que acompaña a mercanca no medio de transporte con destino ao cliente.

A trazabilidade ten que garantirse non só nos medios físicos visibles no mercado e etiquetado dos produtos, senón tamén na documentación emitida en todos os rexistros e transaccións informáticas.

Como se mantén a trazabilidade nunha fábrica?

De maneira resumida, estes son os principais momentos nos procesos de formulación e envasado:

Emisión dos pedidos aos provedores usando un código identificador único do material

Recepción das materias primas identificadas co mesmo código co que se emitiu o pedido, e alta nos nosos sistemas informáticos por código e número, ou números de lote, tamén único, con trazabilidade directa coa referencia recibida dun provedor

Consumo en produción mantendo a trazabilidade de todas as materias primas: en todo momento é posible saber que materias primas se consumiron en cada lote da nosa formulación

Identificación do produto formulado e envasado destinado ao cliente identificado co seu código, único para cada tipo de unidade de venda, e co número de lote que non se pode repetir

Distribución aos clientes: cada produto vai identificado inequivocamente, tanto de forma documental como fisicamente. A identificación está presente nos envases primarios (botellas), envases secundarios (caixas) e no palé

Controis de calidade: os controis de calidade fanse para cada lote de cada materia prima e de cada produto rematado, mantendo todos os rexistros e verificando toda a información recibida dos provedores





Detalle da etiqueta na que se amosa a identificación única na garrafa e o código

Cales son os últimos avances en trazabilidade?

Procurando a automatización dos controis e o mellor servizo aos clientes, comezouse coa implantación de sistemas de trazabilidade que lles permiten aos clientes coñecer non só o lote que están a recibir, senón que cada garrafa teña unha identificación única.

O proxecto chámase **GPD: "Global Product Digitalization"** ou "**Digitalización Global de los Productos**", e estase a implantar en toda Syngenta de maneira gradual.

O programa GPD implementará un enfoque global e estandarizado para a identificación de produtos, utilizando unha identificación única e serializada con asociación a paquetes de vendas ou unidades

de manexo de loxística. Cada ID de produto único -ID = código identificador- será unha "porta de entrada" á información específica do produto, como ID de lote, datas de produción ou empaque etc., así como datos xerais do produto, como datos de seguridade, información do operador e máis.

Este paso no proxecto chámase "Serialización".

Nestes momentos o 50 % do volume producido no **Porriño** xa leva esta identificación de "Serialización".

Mediante a información presente nun código ID que leva a etiqueta é posible saber en que día e en que momento preciso se envasou esa garrafa. A partir desa información pódense verificar nos rexistros informáticos todas as particularidades da produción nese momento. Antes da implantación deste sistema a trazabilidade chegaba só ao nivel de lote, agora chega ao nivel da unidade de venda que recibe un cliente (botella, garrafa, saco).

Esta identificación a nivel de garrafa individual acadouse mediante a implantación de impresoras e cámaras de recoñecemento específicas e a modificación do sistema informático de produción.

No **Porriño** fomos o primeiro proxecto piloto en implantar esta etapa do proxecto en abril de 2019.

O proxecto piloto do **Porriño** centrouse nunha soa liña, producíndose botes **FORCE** de 12 kg, cuxos mercados principais son Francia, Grecia e Eslovenia. As aprendizaxes recollidas do Porriño foron descritas como "asombrosas". O uso dunha soa liña para probar solucións técnicas e minimizar o risco do tempo de inactividade proporcionou exactamente o que se necesitaba para perfeccionar o enfoque global.

O proxecto ten dúas etapas máis de implantación próxima:

- Extensión da "serialización" ao resto da produción en Syngenta, e polo tanto ao 50 % restante da produción no Porriño. Xa comezou coa implantación nas fábricas da rexión EAME (Europa, África e Oriente Medio) e logo seguirá América Latina.
- Ampliación do proxecto para incluír a trazabilidade a nivel de "agrupación". "Agrupación" significa que lendo o código de identificación presente nunha caixa que contén 12 botellas, por exemplo, será posible coñecer os códigos de identificación que identifican cada unha das 12 botellas contidas nesa caixa.

Para dar este gran paso á trazabilidade en **Syngenta** en Europa, creouse un equipo de proxecto para todas as fábricas da rexión en EAME e equipos de proxectos locais. Os equipos do proxecto están formados por persoal de Enxeñaría, Loxística, Mantemento, Calidade, Sistemas Informáticos... co fin de considerar os requisitos e efectos en todas as áreas da cadea de subministración.

En **Syngenta** esperamos con este proxecto GPD responder aos retos do presente e do futuro e proporcionarlles un mellor servizo aos nosos clientes.



O equipo de implantación e o primeiro palé do proxecto piloto en Porriño

ÁRBORES SINGULARES OU EMBLEMÁTICAS DE GALICIA

O loureiro (*Laurus nobilis*, L.)



O loureiro é unha árbore sempre verde, de pequeno tamaño, non máis de 15 metros de altura, cun tronco dereito de cortiza delgada e lisa. Árbores masculinas ou femininas e follas perennes bastante aromáticas. Pólas verdes, sen pelos e moi lustrosas cando son novas, pero que se tornan de cor gris escura ao envelleceren. As follas, simples e alternas, teñen consistencia dura, de cor verde intensa, mates na parte posterior, con forma de punta de lanza, bordo ondulado e ápice agudo. As flores femininas son de cor amarela pálida. As masculinas teñen 8–12 estames, tamén amareladas, duns 3 mm.

A floración prodúcese de marzo a abril. Os froitos consisten nunha es-

"Contan as lendas que o deus do amor, Cupido, lanzara as súas frechas alcanzando o deus Apolo e a ninfa Dafne, filla do deus dos ríos, Peneo. A ninfa, fuxindo de Apolo, pediulle ao seu pai auxilio para esconderse do contacto con calquera home. Cando Apolo estaba a piques de abrazala, o seu pai converteuna en loureiro. O deus, triste, decidiu coroar as súas tempas cunha coroa feita coas follas da árbore na que se converteu a súa amada"

pecie de pequena cirola ovoide de cor verde primeiro e negra ao madurar, cunha soa semente no interior, nos meses do outono.



Descrición e ecoloxía

Orixinario da rexión mediterránea, discútese moito sobre a orixe autóctona do loureiro, que se localiza preferentemente nas Rías Baixas e penetra nos vales dos ríos Miño e Sil. O loureiro desenvólvese en xeral como acompañante tamén nos bosques de ribeira, entre carballos, castiñeiros e sobreiras. Prefire ladeiras de clima máis ben húmido e fresco, pero tolera ben o frío e a influencia do mar na zona litoral. Adáptase a todo tipo de solos, dende o nivel do mar ata os 800 metros de altitude, e desenvólvese tanto en terreos calcarios como ácidos. Non adoita formar masas ou bosques por si mesmos nas nosas latitudes, pero na illa de Cortegada existe o único bosque de loureiro da Península Ibérica, que pode ser interpretado como un exemplo dos antigos bosques laurifolios de finais da Era Terciaria no territorio que vén sendo hoxe Galicia.

O loureiro é unha árbore sempre verde, de pequeno tamaño, non máis de 15 metros de altura, cun tronco dereito de cortiza delgada e lisa. Árbores masculinas ou femininas e follas perennes bastante aromáticas. Pólas verdes, sen pelos e moi lustrosas cando son novas, pero que se tornan de cor gris escura ao envelleceren. As follas, simples e alternas, teñen consistencia dura, de cor verde intensa, mates na parte posterior, con forma



de punta de lanza, bordo ondulado e ápice agudo. As flores femininas son de cor amarela pálida. As masculinas teñen 8–12 estames, tamén amareladas, duns 3 mm.

A floración prodúcese de marzo a abril. Os froitos consisten nunha especie de pequena cirola ovoide de cor verde primeiro e negra ao madurar, cunha soa semente no interior, nos meses do outono.



Usos

O loureiro é unha árbore resistente que atura ben as podas, polo que se ten empregado como árbore ornamental en xardíns e mesmo valados. As follas son ben coñecidas en Galicia polo seu uso como condimento en caldeiradas de peixe, para a elaboración do escabeche, para condimentar os legumes ou aromatizar os mariscos. A súa madeira, o mesmo ca as súas follas, é aromática. As follas en infusión úsanse para as irritacións da gorxa, contra a tose e os catarros, contra a reuma, as afeccións da pel e pola súa propiedade para baixar os niveis de colesterol.

A maceración das follas de loureiro pódese empregar contra as pragas, como a couza ou trilla. Dos aceites que se extraen das follas de loureiro e dos seus froitos fanse cremas, perfumes e mesmo deterxentes.



Bosque de Loureiro na Illa de Cortegada

Outras curiosidades

- O loureiro é símbolo dos triunfos militares, artísticos e universitarios. Deu nome á palabra “bacharelato” (*bacca-laureatus*). Con coroas de loureiro adornábase a fronte dos xenerais romanos invictos nas batallas, e mesmo Napoleón Bonaparte aparece a miúdo coroado con follas de loureiro.
- Dafne é un nome propio feminino que deriva do nome grego Δαφνη (Daphne), que quere dicir “Loureiro”.
- A palabra “loureiro” podería estar orixinada na palabra celta “lawr” que significa “verde”.
- Nalgunhas zonas de Galicia, coma en Mos, facíanse no mes de xaneiro unhas cacharelas con ramallos de loureiro mentres os mozos bailaban e cantaban ao seu arredor: “queimemos o loureiro no mes de xaneiro”.
- Os furanchos identifícanse tradicionalmente colocando un ramallo de loureiro á porta. De feito, estes establecementos particulares de comidas e bebidas chámanse “loureiros” en moitos lugares.
- En Cangas, para protexer a familia do mal de ollo, queimaban nunha tella romeu, lavanda, loureiro “*que mire para o mar*” e tres dentes de allo, coa que percorrían fumigando a casa toda, coas portas e ventás pechadas.
- O loureiro tamén se usou como protector do gando, ao que se lle ataba ao pescozo un ramo de loureiro bendito o Domingo de Ramos.
- Segundo o Nomenclátor da Xunta de Galicia hai rexistradas no territorio da nosa comunidade 491 localizacións con nome “Loureiro”, entre entidades humanas, terras, vías, augas, accidentes xeográficos...

Ainda que no Catálogo de Árbores Senlleiras de Galicia non figura ningún árbore referenciado, cumpre sinalar que hay na nosa terra o maior bosque de laurel de toda Europa, na Illa de Cortegada.



O FERRADOR

Autor: Xosé Lois Ripalda

Historia do ferrador

A utilización das ferraduras para protexer os cascos dos cabalos se perde no tempo pois non se teñen novas de cando se comezaron a usar, aínda que foi bastantes anos despois que se coñecesen os metais. A teoría de que as ferraduras foi unha invención dos gregos e perfeccionada polos romanos non ten hoxe partidarios. Se sabe en troques que os romanos empregaban a soleae que era un calzado, aplicado ao casco do cabalo. de ferro, esparto ou xunco que permitía aos cabalos feridos continuar a marcha.

Segundo a opinión dalgúns historiadores a ferradura a trouxeron a os pobos barbaros nas invasións a Europa, como os unos, que mantiveran contacto cos chinos, aos que se consideran os verdadeiros inventores da ferradura. Os galos utilizaban distintas clases de ferraduras e mesmo de cravos. Os árabes tiñan a o albeite que era un agudo ferrador de cabalos que ademais de saber o oficio coñecía, dun xeito case perfecto, a anatomía deste animal o que lle facía doada o seu labor.

Este oficio tivo durante a Idade Media moita importancia e Europa e



durante o século XVIII en Norteamérica dada a cantidade que había de cabalos, e se mantivo ata a chegada da revolución Industrial que diminuíu pola mecanización do campo. A ferradura de cravos aparece documentada, por primeira vez, en manuscritos bizantinos e latinos do século IX. En Galicia non hai restos de que se coñecese a ferradura na importante civilización dos castros. Se sabe que esta actividade non lles era allea, aos celtas xa que utilizaban para protexer o casco dos cabalos cunhas sandalias que subían ata a cana do animal e que ataban con cintas, porén tan só as empregaban nos casos en que o cabalo tivese feridas ou tamén dependía da duración das viaxes. En Galicia cando se coñeceu a ferradura con cravos hai que salientar a figura do curandeiro moi entendido tanto no gando cabalar como vacuno.


Partes dunha ferradura e materias empregados

As ferraduras varían segundo o modelo empregado e dependen do traballo que se vai a desenvolver, non obstante as partes son en todas semellantes.


Lume, a parte anterior da ferradura. Ombros, as partes a un lado e outro do lume. Asa e a parte da ferradura que vai dende a lume ata o calo. Calos son os extremos da ferradura. Táboas é a superficie que se atopa en contacto co casco e co solo. Tampas a distancia que hai entre las bordas da ferradura. Grosor, distancia entre

as caras. Descanso parte da ferradura que sobresa das caras do casco. Craveiras son os buratos por onde entran os cravos. Canaleira, canal que vai dende os calos ao lume. Pestanas pequenas láminas que saen da ferradura. Borda de afóra é o exterior da ferradura. Borda de adentro é o interior da ferradura. Os materiais máis usados son: o magnesio titanico, cobre, aceiro doce, goma metal cuberto de caucho, o aluminio por ser lixeiro para o salto e o aceiro para os cabalos de paseo, rexoneo ou doma.

PARTES DUNHA FERRADURA




- 1.- Lume
- 2.- Pestana
- 3.- Ombros
- 4.- Craveiras
- 5.- Asa
- 6.- Borda de fora
- 7.- Borda de dentro
- 8.- Calo
- 9.- Cravo



PARTES DUNHA FERRADURA DE BOIS E DE VACAS




- 1.- Talón
- 2.- Pestana
- 3.- Craveiras
- 4.- Plana
- 5.- Borda Externa
- 6.- Borda interna



OS BURROS LEVABAN FERRADURAS NAS PATAS TRASEIRAS

TIPOS DE FERRADURAS


- 1.- Ferradura de mula 2.- Ferradura de boi 3.- Ferradura de burro



Ferramentas do ferrador

Bigornia é onde se prepara a ferradura, para amoldala ao casco. Derrematador, para tirar as ferraduras vellas. Tenaces de corte, para cortar anacos que se queren desbotar. Tenaces de cocodrilo, para facer os remaches. Escofina, para igualar as plantas do casco. Puxavante, para cortar a par-


te sobrante do casco. Escofina, para igualar a planta que vai a ter a ferradura. Martelo de forxa, para traballar a ferradura sobre a bigornia. Forno de forxa que ten como utilidade quentar a ferradura ata avermellala e así ferrar en quente. Coitela para reparar o arredor do casco.



TIPOS DE TENACES

- 1.- Tenace de cravos
- 2.- Tenace de cascos
- 3.- Tenace de cocodrilo
- 4.- Tenace de forxa

FERRAMENTAS COMPLEMENTARIAS



- 1.- Escofina
- 2.- Derrematador
- 3.- Coitela
- 4.- Puxavante

Pasos a seguir na colocación dunha ferradura

Esculca total do achumbado antes de desferrar o casco. Desferrar o casco e comprobar o desgaste da ferradura. Emparellar e achumbar requintando o que sobra da materia córnea. Preparación da nova ferradura procurando o número e talla a tergo. Levar a cabo a forxa. Facer o asentamento da ferradura en quente para que ao completo quede plana coa roda do casco. Elixir o tipo de cravos. Rematar cortando a punta dos cravos mediante o obturador facer o nicho do casco. Coas tenaces de cocrodilo se remachan as puntas para que entre na capa córnea. Coa escofina se desbota a capa que sobre ata deixala emparellada co casco.

Para ferrar os bois e as vacas non se empregan ferraduras senón

canelos, que consisten en pezas de ferro de forma de semicírculo. Na parte curva leva as furas para os cravos e na parte do diámetro unha alongación destinada a entrar por entre as unllas do animal e ser domeada por enriba delas. Esta operación faise no potro formado por un armadillo de catro esteos verticais, artellados entre si por medio de catro trabes. Nun dos lados maiores do rectángulo que ocupan vai un torno no que se embrulla unha corda que sai da parte de enriba do outro lado e pasa por unha roldana situada sobre o torno. Posto o animal no medio do potro, se lle pasa por baixo a corda, que neste anaco se substitue por unha cincha, e vaixe enrolando ao torno ata que o boi ou a vaca quede medio pendurada e xa se pode ferrar.

Importancia económica e social dos ferradores en Galicia


O cabalo foi compañeiro do home ao ir da historia. E o papel desenvolvido polo cabalo na economía de Galicia se estableceu segundo as necesidades do mesmo en cada momento histórico en relación a maneira en que este animal lle podía favorecer.

Hai que dicir que a utilización deste animal nos traballos do campo foi en sobexo, mesmo como transporte cando se usaban as dilixencias, basta dicir que na Central de Ferrocarril de Ourense había coches de cabalos para o servizo de viaxeiros que ían e viña ao tren. Os arrieiros utilizaron durante anos ao cabalo para levar o viño nos pelexos ou en carros. Nas aldeas non había casa que non tivese un cabalo, único medio de ir dun lugar a outro, cando os camiños eran esgrevios. Os cabalos turraban polas carrozas fúnebres sendo enfeitados segundo a categoría do finado con plumaxe de betadas cores.

A utilización do cabalo trouxo como consecuencia un número considerable de ferradores que desenvolvían o seu cometido, en principio, de xeito itinerante, porén despois cada localidade importante e cabeza de bisbarra tiña un ferrador co seu propio obradoiro. Entón este cambio determinou que o recoñecemento social aumentase porque todos necesitaban deste home e o seu lugar de traballo foi punto de encontro das xentes.

Así o ferrador acadou un prestixio que non chegaron a disfrutar tanto os canteiros como os afiadores pois tanto uns coma os outros, non permanecían moito tempo nos lugares, sobre todo os afiadores por iso se dicía, "Rapazas non vos fiedes dos canteiros nin dos afiadores porque uns collen o pico e outros a roda e marchan"

TIPOS DE MARTELOS



Métodos de ferrar e novas técnicas

Hai dúas técnicas de ferrar en frío e en quente a primeira consiste en preparar a ferradura na bigornia sen pasar pola forxa. A segunda preparar a ferradura na bigornia despois de quentalala na forxa. Hai diferenza de empregar un procedemento ou o outro, así ferrar en frío é máis doado e faise en menos tempo, ferrar en quente, permite facer ferraduras especiais e se necesita menos forza. Na actualidade as ferraduras fanse en fábricas e cada unha leva un número e o ferrador só ten que amoldar a ferradura ao casco do animal de xeito que o traballo e máis doado ademais no caso que haxa que amoldar a fe-

rradura ao casco faise en fornos de gas ou eléctricos no canto da forxa. Para evitar que os cabalos poidan esvarar ao andar por distintas superficies se idearon distintos procedementos entre eles as videas son uns pequenos cilindros que se insiren as ferraduras a presión e que permiten andar sobre o chapapote das estradas. Os ramplones se poñen no extremo da ferradura por medio dunha chave o que permite ao cabalo andar sobre unha superficie con herba e para facelo por enriba da neve se lle engaden a ferradura uns ganchos.

Actividades dos cabalos das que se beneficiaron os ferradores




Os bumos como transporte



Deportes hípicas

O ferrador na actualidade

A mecanización botou aos cabalos e aos bois dos traballos agrícolas o como consecuencia trouxo que a labora dos ferradores fose a menos, non obstante as novas tendencias sociais abriron grandes posibilidades no ámbito lúdico e deportivo onde o oficio de ferrador volta con gran forza. A falta de xente preparada motivou a creación de escolas especializadas coa fin de acadar unha titulación a tergo no oficio que permite ademais o coñecemento de ortopedia e tamén de radioloxía para afrontar toda clase de problemas dos cabalos. E segundo os directores destes centros os ferradores teñen un campo moi amplo non só nas actividades lúdicas e deportivas, senón en outros



BIGORNIA

aspectos como o turismo que permite, por medio dos cabalos, visitar espazos aos que non poden chegar os coches. Así as técnicas transmitidas, polos vellos ferradores, aos mestres desta escolas se manteñen vivas con mans seguras e precisas.

Refráns

- Cabalo que voa non precisa ferradura
- Cabalo vello non aguanta ferradura nova
- Ferradura que moito sona algún cravo lle falta
- Dar unha no cravo e cento na ferradura
- Non hai mellor ventura que atopar unha ferradura
- Hai cabalgadura que lles vai mal a ferradura
- Quen monte na mula que pague a ferradura
- Ferradura que chacolotea cravo lle falta
- Ter un cabalo sen ferraduras é unha loucura
- O mellor ferrador peta no dedo
- Ferradura que non asenta ben no casco a dor alenta
- Ferrador de taberna pouco goberna
- Ferra a besta lixeira e andarás cabaleiro
- Con ferradura ou sen ela cuida ben a tua mula
- Que a ferradura asente sexa en frío ou en quente
- Non hai roda sen afiador nen bigornia sen ferrador
- Ferrador con boa escofina acada ferradura fina
- Ferrador que ao cabalo lle dá dor non é bo ferrador
- Ferrador que non dá no cravo cabaleiro ao silveriro
- Ferrador de moita manta pouco avanta
- Para ser ferrador non só hai que ter habelencia senón tamén paciencia
- Martelo e puxavante o ferrador sempre debe de ter diante
- Ferradura que non se asegura pouco no casco dura

Ditos

- Ter as ferraduras da morte
- Andar sen ferraduras
- Ser coma unha ferradura sen cravos
- Perdeu as ferraduras
- En casa do ferrador coitela de pau
- Amostrar as ferraduras
- Ferrar un tiro
- Ferrar os dente ao pan trigo



Servizio de escolta

Cantigas

- Se queres que o teu cabalo / ande coma unha tartaruga / non o leves a ferrador que non madruga.
- Mellor é apandar cunha molla-dura / que andar as présas co cabalo / e que remate perdendo a ferradura.
- Se tes en noite de invernia / na cuadra un cabalo sen ferradura / mellor que botes leña no anllar / non saías e quedes no fogar a quentar.
- Cuba que non ten viño / porta sen pechadura / e cabalo sen ferradura / non hai maior amoladura.
- Se te atopas cabo dun ferrador / non debes a el te acaroar / pois unha couce o cabalo che pode guindar.
- Rapaza non te cases cun ferrador / e menos cun canteiro / porque te poden picar / casa cun arrieiro / que non lle faltan cartos na faldriqueira.
- Rapaza non te poñas a parrafear cun ferrador / cando está a traballar / porque no dedo co martelo pode dar.
- O mestre con amor / debe sempre ensinar / e o ferrador habelencia ao traballar / debe de amosar.
- Para andar polo bulleiro / leva zocos de amieiro / de aluminio ponlle ao cabalo as ferraduras / se queres che ande lixeiro polo vieiro.
- Na zafra peta o ferreiro / o tamborileiro no tambor / e na bigornia o ferrador.

Lenda

En certa ocasión o avó mandou ao neto a tenda por unha pechadura, porén ao voltar co encargo o avó decatouse que lle faltaban cravos e lle dixo:

– Tes que volver cabo do tendeiro pois ou che deu cravos de menos ou os perdistes polo camiño.

O neto lle dixo:

– Total por un cravo máis ou menos pouco importa.

A resposta do avó non se fixo agardar.

– Vouche contar unha lenda que lle ocorreu a un rei quen debía poñerse ao fronte das súas tropas, pois o inimigo estaba ao axexo e así lle dixo ao criado que lle preparase o cabalo. Entón o criado se dirixiu cara o ferrador porén atopouse coa sorpresa que non tiña os cravos suficientes porque

de tantos cabalos que ferrara non lle quedaban e claro...

O avó fixo unha pausa para interesarse máis ao neto quen lle preguntou:

– E que pasou?

– Pois que o criado lle dixo que lle puxese calquera cravo pois senón o rei se enoxaría, así o cabalo rematou por perder as ferraduras e como resultado guindou ao rei ao chan e o inimigo conquistou o seu reino.

Entón o neto dixo:

– E así a ferradura por falta de cravos cae a porta queda aberta e como consecuencia poden entrar os ladróns

E sen máis saíu dicindo:

– Vou a procura dos cravos

– Non hai mellor cousa que escarmentar en cabeza allea

Dixo o avó.



Enganches de camuaxes

Conto

Cando o demo andaba polo mundo canso de tanto camiñar andivo a procura dun ferrador para arranxar as súas patas de besta, ao dar con el lle dixo:

– Necesito me poñas unhas ferraduras.

O ferrador quedou asorado por tal petición porén ao amosarlle as patas viu que era o demo pois tiña as unllas partidas. Entón lle dixo:

– Porén teño que amarrarte a cadeira para que non te movas.

O demo aínda que non moi conforme deixouse atar.

Entón o ferreiro avemellou a ferradura e chantoulla na pata quedándolle apegada a pezuña que obrigou ao demo a dar un brinco tan forte



Touros de traballo

que se desatou saíndo adocido cao dor, entón lle dixo o ferrador.

– Agarda que aínda che faltan os cravos.

O demo foi cabo dun río que pasaba perto dalí e meteu as patas na auga dicindo:

– Foi peor o remedio que a enfermidade.



Touros de traballo

Non se sabe que despois disto lle quedasen gañas de voltar polo mundo.

RESCATANDO UN ANACO DA NOSA CULTURA



NOVO CERTAME CONVOCATORIA ANO 2020

TEMA: "O oficio de Tellador ou Cabaqueiro"

SYNGENTA, continuando coa tradición deste "Almanaque" de rescatar anacos da cultura Noroeste, establece para este ano un novo certame dotado cun **PREMIO DE 750 €** ao mellor traballo sobre "O oficio de Tellador (Cabaqueiros)".

O traballo gañador publicárase na próxima edición do "Almanaque agrícola ZZ".

BASES DO CERTAME

- 1) Poderán participar todas as persoas que o desexen, agás os distribuidores e da compañía e os seus familiares directos.
 - 2) Os concursantes deberán enviar os seus traballos a **Syngenta España SAU, A Relva, s/n, 36400 O Porriño (Pontevedra)**. Referencia "CONCURSO" antes do 30 de setembro de 2020. Os traballos achegados non serán devoltos e a compañía poderá empregarlos para outras publicacións da mesma.
 - 3) Os traballos han de estar redactados no idioma galego normativo, cunha extensión máxima de seis follas con letra e espazo normal, sendo tamén necesario remitilos á empresa nalgún soporte informático (CD, memoria portátil,...). Admitiranse traballos informáticos, que serán enviados á ligazón marketing@syngenta.com, e deberán versar sobre os seguintes aspectos.
 - Historia do oficio de tellador (Cabaqueiro) en Galicia.
 - Materiais e ferramentas usadas polos telladores.
 - Espazos comúns para achegar o material das tellas.
 - Importancia económica e social dos telladores en Galicia e a súa relación con Castela.
 - Novos métodos de Tellar, novos materiais e tecnoloxías.
 - Refráns, ditos, cantigas, lendas ou pequenos contos relativos a esta actividade.
- Nota: no apartado gráfico valoráranse só gráficos ou debuxos inéditos, non admitíndose fotografías baixadas de internet.
- 4) O xurado que outorgará o premio ao mellor traballo estará composto por persoal de SYNGENTA coñecedor da cultura galega, e o seu veredicto darase a coñecer a partir do 1º de novembro de 2020.

Novo Karate Zeon Plus

fixate ben, porque agora é 1.5 CS

PLUS

sensiblemente
mellor

Máis seguro,
máis práctico
e máis rendible.



 **Karate Zeon[®]**
1.5 CS

syngenta.

Un pequeno detalle. Unha gran diferenza. 

As nosas Castes de Vide

A variedade "Caíño Longo"

1. Antecedentes

Coñecido dende a antigüidade na DO Ribeiro. Freijanes e Alonso (1997) cítana como cultivada na zona de transición da rexión galega. Estudos de filoxenia indican que se enmarca na linaxe con orixe en Caíño Bravo.

2. Situación actual

Variedade minoritaria que actualmente forma parte de parcelas plurivarietais na comarca do Ribeiro e zona limítrofe do Condado.



3. Valoracións sobre o seu cultivo

Variedade de brotación tardía e maduración tardía, vigor alto e rendemento medio-alto.

Presenta sensibilidade de intensidade media ao oídio e ao mildeu, e é pouco sensible á botrite. Produce viño de graduación media-alta (11,5- 13,6%) e acidez media (10,9- 6,38 g/l).

4. Descrición morfolóxica

Pámpano novo

O pámpano novo presenta a extremidade aberta con peluxe tombada de densidade media e pigmentación reberetada de intensidade débil. A cara dorsal e ventral dos entrenós e nós é verde. As xemas presentan pigmentación antociánica de intensidade débil que alcanza ata á da base da bráctea.





Folla nova

A folla nova é bronceada con peluxe tombada de densidade media.

Folla adulta

A folla nova é bronceada con peluxe tombada de densidade media.



Acio

O acio é cónico, longo, ancho, de compacidade media e con presenza de 3 ou 4 ás, hay una variedade con so 1 ou 2 ás. O pedúnculo é de lonxitude curta.

Bago

O bago de cor azul negra presenta forma elíptica curta.

Descrición tomada da:

A colección de vides da estación de viticultura e enoloxía de Galicia

Consellería do medio rural – Xunta de Galicia.



Boa uva, bo viño

O teu mellor aliado fronte á botrite e asperxilo



Ao final, o que de verdade importa é a calidade



syngenta.



© 2018 Syngenta. Todos os dereitos reservados.
™ y ® son marcas comerciais do Grupo Syngenta.
Use os produtos fitosanitarios de maneira segura.
Lea sempre a etiqueta e a información sobre o produto antes de usalo.



Xaneiro

O TEMPO

Ao longo do mes os ceos permanecerán pouco nubosos durante as horas centrais do día, haberá nubes baixas que traerán chuvias febles no interior porén que poden acadar certa intensidade na costa, polas mañás algunha brétema se fará sentir. Se estenderán importantes xeadas de maneira xeneralizada por todo o territorio aínda que máis polo noreste e xa contra final do mes: friaxe intensa e lentura. Non obstante ao ir do mes aparecerán solleiras que farán levar mellor este mes de tanto friaxe. Nos cumios caerán as primeiras folerpas de neve. O vento será do nordeste con refachos fortes no litoral e débil no interior, No mar intensa marexada pola mañá e pola tarde.

*"Xaneiro bo mes para o carboeiro"
"Raia de xaneiro val por carneiro"*

DATOS CLIMATOLÓXICOS

	Estación de recollida de datos y media anos	Temperatura media das máximas (°C)	Temperatura media das mínimas (°C)	Temperatura media do mes (°C)	Días de choiva	Precipitación total L/m ²
A Coruña	Mabegondo (2000-2019)	13,02	1,97	7,05	17	155,06
	Fontecada-Sta. Comba (2003-2019)	11,40	3,95	7,21	14	184,90
Lugo	Campus Lugo (2000-2019)	10,53	1,01	5,03	13	82,96
	Pedro Murias-Ribadeo (2000-2019)	12,20	6,20	9,10	15	121,50
Ourense	Gandarela-Celanova (2005-2019)	9,90	2,70	6,00	7	91,90
	Ourense-Ciencias (2005-2019)	12,00	1,10	5,30	6	73,20
Pontevedra	Mouriscade-Lalín (2000-2019)	12,00	0,10	4,80	12	131,40
	Corón-V. de Arousa (2002-2019)	13,40	7,00	10,00	8	103,10

1 M. Nai de Deus. S. María. **1953.** *Publicase o primeiro número do Almanaque agrícola ZZ. Sempre en idioma gallego normativo, é un manual agrario de carácter técnico, etnográfico, e con diversos contidos vencellados a sabiduría popular. 100.000 exemplares de tirada anual.*

2 X. Ss. Basilio; Gregorio.

3 V. S. Xenoveva.


Cuarto Crecente

4 S. Ss. Iolando; Rigoberto. **1882.** *Sae á rúa o primeiro número de La Voz de Galicia.* **1922.** *Pepe Da Pena (José Cerviño García), morre en Cotobade, un dos mellores santeiros (construtores de cruceiros).* **1977.** *Lei sobre a reforma do Rexistro Civil para traducir os nomes propios ó galego.*

5 D. S. Emilia. **1976.** *Créase o Consello de Forzas Políticas.*

6 L. A Epifanía. Os Santos Reis, Melchor, Gaspar e Baltasar. Ss. Wilma; Melania.

7 M. S. Raimundo. **1950.** *Morre Castelao en Bos Aires.*

8 M. Ss. Luciano; Eladio. **1979.** *Fúndase en Barcelona Edicións Sotelo Blanco.*

9 X. S. Lucrecia.

10 V. S. Gonzalo.


Lúa Chea

11 S. S. Alexandre. **1533.** *A Xunta de Goberno do Novo Reino de Galicia acorda aumentar dúas provincias: A Coruña e Tui.* **1859.** *Nace en Carballo Alfredo Brañas.*

12 D. Bautismo do Señor S. Xulián. **1912.** *Nace en Celanova o escritor Celso Emilio Ferreiro.*

13 L. S. Hilario.

14 M. S. Félix.

15 M. Ss. Raquel; Amaro.

16 X. S. Marcelo.

17 V. Ss. Antón Abade; Guido.


Cuarto Minguante

18 S. Ss. Prisca - Priscila.

19 D. S. Mario.

20 L. Ss. Sebastián; Fabián. **1765.** *Inaugúrase na Coruña a Academia de Agricultura.*

21 M. S. Inés.

22 M. Ss. Laura Vicuña; Vicente.

23 X. S. Virxinia.

24 V. S. Francisco de Sales.


Lúa Nova

25 S. S. Elvira.

26 D. Ss. Timoteo; Tito; Guimara; Ansurio; Viliúlfo.

27 L. Ss. Ánxela Merici.

28 M. S. Tomé de Aquino. **1731.** *Primeira sesión da "Academia Literaria Compostelana", presidida por Pablo Mendoza de los Ríos.* **1902.** *Nace o pintor Urbano Lufrías.*

29 M. S. Valerio. **1899.** *Nace en Rianxo o escritor Rafael Dieste.* **1930.** *Morre o poeta Manoel Antonio.*

30 X. S. Martiña. **1886.** *Nace en Rianxo Alfonso Daniel Rodríguez Castelao.*

31 V. Ss. Xoán Bosco; Marcela. **1809.** *Ocupación de Vigo polas tropas francesas.* **1820.** *Nace en Ferrol Concepción Arenal.*



Febreiro

O TEMPO

O mes encentará con ceos pouco nubosos malia ao decorrer dos días trocará en calixe e as

chuvias poderán acadar certa intensidade en zonas do oeste ,menos fortes no interior. Xeadas na parte central febles, e fortes na montaña. Co avance do mes entrará un fronte cálido que dulcificará o ambiente de intensa friaxe. O vento do este pola mañá, do norte pola tarde e variábel pola noite que traerán aire frío. Brétemas ao lumbrigar o día. No mar marexada pola mañá a forte pola tarde e noite.

"Dure a mala veciña o que a neve en febreiro"

"En febreiro mete obreiro, pan che comerá pro traballo che fará"

DATOS CLIMATOLÓXICOS

	Estación de recollida de datos y media anos	Temperatura media das máximas (°C)	Temperatura media das mínimas (°C)	Temperatura media do mes (°C)	Días de choiva	Precipitación total L/m ²
A Coruña	Mabegondo (2000-2019)	16,53	4,16	9,92	8	68,12
	Fontecada-Sta. Comba (2003-2019)	14,03	5,16	9,11	10	155,19
Lugo	Campus Lugo (2000-2019)	15,48	1,04	7,38	5	58,73
	Pedro Murias-Ribadeo (2000-2019)	15,70	6,50	10,8	5	51,90
Ourense	Gandarela-Celanova (2005-2019)	14,30	5,10	9,20	4	49,20
	Ourense-Ciencias (2005-2019)	17,50	2,20	8,60	4	33,60
Pontevedra	Mouriscade-Lalín (2000-2019)	14,90	0,80	7,60	7	69,10
	Corón-V. de Arousa (2002-2019)	15,30	7,60	11,1	7	47,70

1 S. S. Severiano.

2 D. S. Candeloria. Presentación do Señor.



3 L. Ss. Brais; Óscar; Francisco Blanco. 1807. Nace en Ferrol o pintor Pérez Villaamil.

4 M. S. Xilberte. 1135. Fundación do mosteiro de Aciveiro (Forcarei). 1864. Nace en Betanzos Salvador Cabeza De León. 1893. Morre en Vigo Concepción Arenal.

5 M. S. Ádaga.

6 X. Ss. Doris; Paulo Miki.

7 V. S. Gastón. 1876. Primeiro número da publicación O Tío Marcos da Portela, totalmente en galego, dirixido por Valentín Lamas Carbajal.

8 S. Ss. Xerome Emiliano; Xacoba. 1835. Nace en Ponteceso o escritor Eduardo Pondal.

9 D. Domingo de Septuaxésima. S. Rebeca.



10 L. S. Escolástica. 1810. Motín obreiro en Ferrol capitaneado por Antonia Alarcón. 1890. Naufragio do buque inglés The Serpent ó carón do Cabo Vilán.

11 M. Nosa Señora de Lurdes. 1885. Nace na Coruña o escritor Wenceslao Fernández Flórez.

12 M. S. Pamela.

13 X. S. Beatriz.

14 V. Ss. Cirilo; Valentín.

15 S. Ss. Fausto; Xurxa. 1765. Sae á rúa o xornal La Región.



1944. Constitución do Instituto de Estudos Galegos Padre Sarmiento.

16 D. S. Samuel.

17 L. S. Aleixo.

18 M. S. Bernarda.

19 M. S. Álvaro. 1949. Fundación de Cerámicas do Castro.

20 X. S. Clodio.

21 V. S. Severino. 1900. Morre en Compostela Alfredo Brañas, político e economista.

22 S. Ss. Eleonora, Nora.

23 D. S. Florencio. 1908. Nace en Botos (Lalín) o pintor José Otero Abeledo "Laxeiro".



24 L. Ss. Rubén; Serxio. 1837. Nace en Santiago Rosalía De Castro. 1985. Comeza a emitir a Radio Galega.

25 M. Martes de Entroido. Ss. Néstor; Sebastián de Aparicio. 1861. Nace en Pontevedra o pianista Carlos Sobrino.

26 M. Mércores de Cinza. S. Augusto.

27 X. S. Leandro.

28 V. S. Román. 1981. Morre en Vigo o escritor Álvaro Cunqueiro.

29 S. Rufino mr.

O TEMPO

A entrada dunha fronte fría dará lugar que durante, determinados días do mes, os ceos se presenten atoadados de nubes baixas que provocarán chubascos xeneralizados en todo o territorio. Brétemas e bancos de néboa en puntos do interior e sudoeste, as treboadas estarán presentes con forte aparato eléctrico. Mais no mes, por ter moitas facianas, haberá días de rosa nos que se poderá disfrutar dun tempo enxoito e solleiro. O vento soprará con fortes e frios refachos que provocarán nas zona do litoral gran marexada e mar encrechada.

*"O que en marzo marea en todo o verán non branquexa"
"En marzo e abril sae o cuco do cubil"*



DATOS CLIMATOLÓXICOS

	Estación de recollida de datos y media anos	Temperatura media das máximas (°C)	Temperatura media das mínimas (°C)	Temperatura media do mes (°C)	Días de choiva	Precipitación total L/m ²
A Coruña	Mabegondo (2000-2019)	17,11	3,82	10,55	8	78,79
	Fontecada-Sta. Comba (2003-2019)	15,12	5,08	9,70	9	204,28
Lugo	Campus Lugo (2000-2019)	16,63	2,68	9,17	9	85,56
	Pedro Murias-Ribadeo (2000-2019)	15,00	7,60	11,40	8	45,80
Ourense	Gandarela-Celanova (2005-2019)	16,80	5,00	10,20	6	81,00
	Ourense-Ciencias (2005-2019)	20,00	3,90	11,20	6	74,60
Pontevedra	Mouriscade-Lalín (2000-2019)	16,40	1,00	8,40	7	102,90
	Corón-V. de Arousa (2002-2019)	16,60	8,90	12,60	8	100,20

1 D. S. Rosendo.
1493. *Arribada da caravela La Pinta ó porto de Baiona, pilotada polo pontevedrés Sarmiento.*

2 L. S. Lucio.
1886. *Nace na Coruña o compositor Eduardo Rodríguez Losada.*

3 M. S. Celidonio.

4 M. Ss. Ariel; Capitón.
1889. *Nace en Cambados o escultor Francisco Asorey.*
1936. *Morre o galeguista Antón Vilar Ponte.*

5 X. S. Olivia.
1888. *Nace en Ourense Ramón Otero Pedrayo.*

6 V. S. Elcira.
1856. *Banquete intelectual de Conxo, con Ponal e Aurelio Aguirre.*

7 S. Ss. Perpetua; Felicidade.
1908. *Morre en Cuba o escritor Curros Enríquez.*
1909. *Nace en Santiago Xosé M^o Castroviejo.*

8 D. S. Xoán de Deus.
1917. *Morre na Coruña Eduardo Ponal.*

9 L. S. Francisca Romana.
1695. *Nace no Bierzo Frei Martín Sarmiento.*

10 M. S. Macario.
1944. *Editase en Bos Aires Sempre en Galiza de Castela.*
1965. *Morre en Belesar o derradeiro guerrilleiro da Resistencia Galega Xosé Castro Veiga "O Piloto".*

11 M. S. Eulolio.

12 X. S. Norma.

13 V. S. Rodrigo.

14 S. S. Matilde.

15 D. S. Luísa de Marillac.

16 L. S. Heriberto.


Cuarto Minguante

17 M. S. Patricio.
1960. *Morre en Madrid o pintor Álvarez De Sotomayor.*

18 M. S. Cirilo.
1897. *Nace en Pontecesures o pintor Carlos Maside.*

19 X. S. Xosé.
1847. *Fúndase o "Círculo de Artesanos" a prol do desenvolvemento cultural de Galicia.*

20 V. S. Alexandra.
1886. *Nace en Mugardos o pintor Felipe Bello.*

21 S. S. Uxia.
1874. *Nace na Coruña o músico Andrés Gaos.*

22 D. S. Lea.
1992. *Morte do poeta Antón Aviles De Taramancos.*

23 L. S. Dimas.

24 M. Ss. Elba; Catarina de Suecia.



Lúa Nova

25 M. S. Anunciación.
1990. *Morre en Santiago Ricardo Carvalho Calero.*

26 X. S. Braulio.
1930. *Pacto de Lestrove.*

27 V. S. Ruperto.

28 S. S. Octavio.
1809. *Os exércitos de Morillo e Cachamuiña liberan Vigo dos Franceses.*
1966. *Morre en Lalín o astrónomo Ramón M^o Aller.*

29 D. S. Gladys.
 Cambio horario (Adiantarase o reloxo 1h)

30 L. S. Artemio.

31 M. Ss. Benxamin; Balbina.
1901. *Nace en Pontearreas o escritor Fermín Bouza Brey.*

O TEMPO

No ceo revezarán días desanubidos con outros atolados de nubes baixas que provocarán precipitacións porén que non encherán nin o carro nin o carril. Unha masa de aire frío e con lentura se fará sentir na Comunidade o mesmo que algunha treboada aillada. Malia ao ir do mes o ranfeño das ras nos corgos e os axirios dos paxaros nos anuncian que o agro volve avivecer despois do longo sono da invernia. O vento do norte e nordeste o mar será de fondo.

"En abril toca as huchas como un tamboril"

"En abril froles mil, peixes mil, auga mil"

DATOS CLIMATOLÓXICOS

	Estación de recollida de datos y media anos	Temperatura media das máximas (°C)	Temperatura media das mínimas (°C)	Temperatura media do mes (°C)	Días de choiva	Precipitación total L/m ²
A Coruña	Mabegondo (2000-2019)	17,03	5,90	11,50	15	115,10
	Fontecada-Sta. Comba (2003-2019)	14,63	6,02	9,93	17	260,44
Lugo	Campus Lugo (2000-2019)	16,60	5,01	10,29	14	136,94
	Pedro Murias-Ribadeo (2000-2019)	15,70	8,70	12,10	14	63,40
Ourense	Gandarela-Celanova (2005-2019)	16,40	5,60	10,20	16	148,20
	Ourense-Ciencias (2005-2019)	19,50	6,30	12,30	14	145,70
Pontevedra	Mouriscade-Lalín (2000-2019)	16,10	3,40	9,40	15	153,30
	Corón-V. de Arousa (2002-2019)	16,30	9,80	13,00	16	202,30



1 M. S. Hugo.
1188. Inauguración do "Pórtico da Gloria" da Catedral de Santiago.
1844. Comeza en Lugo a "Revolución Progresista Galega".
1917. Sae á rúa o xornal *El Ideal Gallego*.

2 X. Ss. Xandra; Francisco de Paula.

3 V. S. Ricardo.
1841. Nace en Santiago o escultor Isidoro Brocos.

4 S. S. Isidoro.
1284. Morte de Afonso X o Sabio, creador das Cantigas de Santa María.

5 D. Domingo de Ramos.
S. Vicente Ferrer.
1889. Nace en Lugo o pintor Jesús Rodríguez Corredoira.
1896. Nace en Ourense o galeguista Ben-Cho-Shey.
1897. Morre na Coruña Francisco de la Iglesia, autor da letra da famosa Alborada de Pascual Veiga.
1902. Nace en Pontevedra o pintor Arturo Souto.
1979. Morre na Coruña Luís Seoane.
1926. Xoaquín Loriga inicia o voo Madrid-Manila.

6 L. S. Edith.

7 M. S. Xoán Bautista da Salle.
1963. Créase a Fundación Penzol en Vigo.

8 M. S. Constanza.

Lúa Chea

9 X. Xoves Santo.
S. Demetrio.
1842. Nace o compositor Pascual Veiga en Mondoñedo, autor do Himno Galego.

10 V. Venres Santo.
S. Ezequiel.
1874. Nace na Coruña o pintor Francisco Lloréns.
1976. Morre en Ourense Ramón Otero Pedrayo.

11 S. Sábado de Gloria.
S. Estanislao.

12 D. Domingo de Pascoa.
Ss. Arnaldo; Xulio.
1888. O químico Antonio Casares e Rodrigo falece en Compostela.

13 L. Ss. Martiño; Aída.
1840. Nace en Lugo Juan Montes Capón, un dos mellores músicos galegos de todos os tempos.

14 M. S. Máximo.

15 M. S. Crescente.

Cuarto Minguante

16 X. S. Flavio.

17 V. Ss. Leopoldo; Aniceto.

18 S. S. Vladimír.
1978. Constitúese a Xunta de Galicia.

19 D. Domingo de Quasimodo - As Pascuiñas.
S. Enma.

20 L. S. Edgardo.

21 M. S. Anselmo.

22 M. Ss. Karina; Señoriña.

23 X. S. Xurxo.

Lúa Nova

24 V. S. Fidel.

25 S. S. Marcos.
1734. Nace na Coruña José Andrés Cornide Saavedra.
1974. Revolución dos Caraveis en Portugal.

26 D. Ss. Cleto; Marcelino.
1846. Mártires de Carral: fusilamento do coronel Solís e os seus compañeiros do alzamento contra o goberno absolutista de Narváez.


27 L. Ss. Zita; Toribio de Mogrovejo.

28 M. S. Valeria.

29 M. S. Catarina de Siena.

30 X. Ss. Amador; Pío V.
1963. Falece en Ourense Vicente Risco.

Cuarto Crescente



Maio

O TEMPO

A presenza de aire frío nas capas altas da atmósfera dará lugar a chubascos máis ou menos xeneralizados. Algún días poderán ser de carácter

treboento aínda que moi aillados uns dos outros por todo o territorio. Porén o ambiente por mor da entrada de aire morno do sur o tempo trocará a calmizo con ceos desanuabiados e claros en xeral como corresponde a un mes tan florido. Este tempero deben de aproveitar os labregos e labregas para facer as sementeiras do millo e fabas entre outras. O vento soprará forte no litoral e floxo no interior e o mar encrechado pola mañá e marexada pola tarde.

"Maio pardo San Xoan craro"
"En maio xa poderás tirar o saio"

DATOS CLIMATOLÓXICOS

	Estación de recollida de datos y media anos	Temperatura media das máximas (°C)	Temperatura media das mínimas (°C)	Temperatura media do mes (°C)	Días de choiva	Precipitación total L/m ²
A Coruña	Mabegondo (2000-2019)	20,66	7,42	14,57	8	48,01
	Fontecada-Sta. Comba (2003-2019)	19,05	9,02	13,77	7	88,24
Lugo	Campus Lugo (2000-2019)	21,16	7,14	13,82	5	30,72
	Pedro Murias-Ribadeo (2000-2019)	17,30	9,90	13,90	7	65,80
Ourense	Gandarela-Celanova (2005-2019)	22,10	8,30	14,90	5	19,20
	Ourense-Ciencias (2005-2019)	25,60	8,90	17,20	3	13,60
Pontevedra	Mouriscade-Lalín (2000-2019)	21,20	5,20	13,50	5	30,60
	Corón-V. de Arousa (2002-2019)	19,90	12,10	15,90	5	40,60

1 V. S. Xosé Obreiro.
1880. Nace a primeira publicación periódica de Galicia: *El Catón Compostelano*.

2 S. Ss. Anastasio; Boris.
1988. Morte do escritor Ben-Cho-Shey en Madrid.

3 D. S. Santa Cruz.

4 L. S. Filipe e Santiago.
1907. Fúndase o *Centro Gallego de Bos Aires*.

5 M. S. Xudit.

6 M. S. Eleordo.

7 X. S. Domitila.

○
Lúa Chea

8 V. S. Segundo.

9 S. S. Isaias.

10 D. S. Antonio/a.

11 L. S. Estela.

12 M. Ss. Pancrácio; Nereo.

13 M. Nosa Señora de Fátima.

14 X. S. Matías.
● **1589.** O pirata Drake asedia a cidade da Coruña.
Cuarto Minguante

15 V. S. Isidro.

16 S. Ss. Honorato; Eufrazio.
1984. Constitúese a *Asociación de Funcionarios para a Normalización Lingüística*.

17 D. S. Pascual Bailón.
1833. Nace Manuel Murguía en Arteixo.
1863. *Editase en Vigo a primeira edición de Cantares Gallegos de Rosalía de Castro.*
1963. A *Real Academia Galega* institúe o *Día das Letras Galegas*.

18 L. Ss. Enriqueta; Corina.
1916. Créase na Coruña as Irmandades dos Amigos da Fala.
1970. Fúndase o *Museo Masíde de Arte Contemporánea en Sada*.

19 M. Ss. Yvo; Yvone.

20 M. S. Bernardino de Siena.

21 X. **Ascensión do señor.**
Ss. Constantino; Trocado.

22 V. Ss. Rita; Quiteria.

●
Lúa Nova

23 S. S. Desiderio.

24 D. Ss. Marta Auxiliadora; Susana.

25 L. Ss. Beda; Gregorio.

26 M. S. Mariana.
1898. Nace en *Soutelo de Montes Avelino Cachafeiro Bugallo*, considerado o mellor gaitero de Galicia.

27 M. Ss. Emilio; Agostiño de Cantorbery.

28 X. S. Xermán.

29 V. Ss. Maximiano; Hilda.

30 S. Ss. Fernando / Hernán; Xoana de Arco; Lorena.

●
Cuarto Crecente

31 D. **Domingo de Pentecostés.**
S. Visitación.
1915. Nace Ramón Piñeira na Láncaa.

O TEMPO

Omes se presentará cun cariz velaño por mor dunhas solleiras moderadas e esquifas nubes como anuncio dun tempo claro e tranquilo. Aínda que na maioría dos días predomine esta situación de tempo enxoiro non se desbota algunha treboada forte na alta montaña, así como no litoral chuvias como consecuencia da entrada de aire do atlántico porén en cantidade que non faga valer o refrán de “auga por San Xoan tolle o viño e non dá pan”. O vento soprara variábel e o mar será de fondo do oeste.



*“En San Xoán xa hai tres días de cardar o lan”
“En San Xoán aínda deixa o día para cardar a lan”*

DATOS CLIMATOLÓXICOS

	Estación de recollida de datos y media anos	Temperatura media das máximas (°C)	Temperatura media das mínimas (°C)	Temperatura media do mes (°C)	Días de choiva	Precipitación total L/m ²
A Coruña	Mabegondo (2000-2019)	20,51	10,00	15,49	14	76,26
	Fontecada-Sta. Comba (2003-2019)	18,59	9,89	14,05	10	151,03
Lugo	Campus Lugo (2000-2019)	21,85	10,33	15,51	7	46,73
	Pedro Murias-Ribadeo (2000-2019)	18,80	13,10	16,00	13	64,20
Ourense	Gandarela-Celanova (2005-2019)	22,20	10,20	15,40	5	40,30
	Ourense-Ciencias (2005-2019)	24,80	11,50	18,00	7	48,80
Pontevedra	Mouriscade-Lalín (2000-2019)	20,20	7,50	14,10	7	43,90
	Corón-V. de Arousa (2002-2019)	19,20	13,30	16,50	9	63,60

1 L. Ss. Xustino; Pedro Vázquez.
1910. Nace Luís Seoane en Bos Aires.

2 M. Ss. Marcelino; Erasmo.

3 M. S. Maximiliano.
1876. Nace en Cambados Ramón Cabanillas.
1903. Nace Alexandre Bóveda en Ourense.

4 X. S. Frida.

5 V. Ss. Bonifacio; Salvador.

Lúa Chea

6 S. S. Noberto.

7 D. **Santísima Trinidad.**
S. Clodio.
1809. Batalla de Pontesampaio contra as tropas francesas de Ney na que interveu tamén o “Batallón Literario de Santiago”.

8 L. S. Armando.

9 M. S. Efrén.

10 M. S. Paulina.
1909. Nace o poeta Aquilino Iglesias Alvariño en Abadín.
1958. Falece o pintor Carlos Maside en Compostela.

11 X. **Santísimo Corpus Christi.**
Ss. Bernabeu; Trinidad.

12 V. S. Onofre.
1874. Nace en Vigo o músico e escritor Teodosio Vesteiro Torres.

13 S. S. Antón.

Cuarto Minguante

14 D. S. Eliseo.
1987. Publícase o primeiro número do “Atlántico Diario”.

15 L. Ss. Leonidas, Manuela.

16 M. S. Aurelio.

17 M. S. Ismael.

18 X. S. Salomón.

19 V. S. Romualdo.

20 S. S. Florentino.

21 D. Ss. Raúl; Rodolfo; Luís Gonzaga.

Lúa Nova

22 L. Ss. Paulino de Nola; Tomé Moro.

23 M. S. Marcial.

24 M. S. Xoán Bautista.
1891. Xogos Florais do Idioma Galego en Tui, con intervencións de Murguía, Brañas e o bispo Laga González.

25 X. Ss. Guillermo; Tramunda.

26 V. Ss. Paio; Xoán Tersón.

27 S. S. Cirilo.

28 D. S. Ireneo.
1936. Aprobación en plebiscito do Estatuto de Autonomía de Galicia.

Cuarto Crecente

29 L. S. Pedro e Pulo.

30 M. S. Adolfo.

O TEMPO

Aínda que o vento do nordeste traerá certa lentura, nubes baixas e brétemas no litoral. Os días serán de importante calor, mesmo chegarán a ser abafantes como corresponde a época do ano, sobre todo en zonas do interior e menos pola influencia do mar no litoral. Non se desbotan as treboadas típicas do verán que de súpeto se poden presentar con chispas raios e centellas non faltando as saraíbadas que aumentarán a intensa fogaxe. Malia a entrada dun estarabouzado vento nordés refrescara o ambiente. O vento predominante do sur e no mar marexadilla.



"Pola Santas Mariña, pousa a sacha e colle o fuciño"
"Polo Santiago sulfata"

DATOS CLIMATOLÓXICOS

	Estación de recollida de datos y media anos	Temperatura media das máximas (°C)	Temperatura media das mínimas (°C)	Temperatura media do mes (°C)	Días de choiva	Precipitación total L/m ²
A Coruña	Mabegondo (2000-2019)	25,00	13,56	19,30	5	15,91
	Fontecada-Sta. Comba (2003-2019)	22,48	13,42	17,53	3	21,91
Lugo	Campus Lugo (2000-2019)	26,34	13,65	19,09	3	30,19
	Pedro Murias-Ribadeo (2000-2019)	22,00	15,90	19,00	6	21,20
Ourense	Gandarela-Celanova (2005-2019)	28,10	13,80	19,80	3	11,10
	Ourense-Ciencias (2005-2019)	31,20	15,80	22,70	2	28,20
Pontevedra	Mouriscade-Lalín (2000-2019)	25,90	11,20	18,40	5	26,00
	Corón-V. de Arousa (2002-2019)	23,30	16,70	19,70	4	21,30

1 M. S. Ester.
1824. Nace en Vigo o mariño Méndez Núñez.
1920. Morre na Habana Ramón Armada, fundador de A Gaita Galega, a primeira publicación en galego na América.

2 X. S. Gloria.
1861. Celébranse na Coruña os 1os Xuegos Florales de Galicia. As súas creacións literarias serán publicados no libro *Álbum de la Caridad* en 1862.

3 V. S. Tomé.
1528. Constitúese en Compostela o Reino de Galicia.

4 S. Ss. Sabela; Eliana; Liliana.

5 D. Ss. Antón-María; Berta.

Lúa Chea

6 L. S. María Goretti.

7 M. S. Fermín.

8 M. S. Uxío.
1923. Anxel Casal promove a creación das Escolas do Ensino Galego, ofrecidas polas Irmandades da Fala.
1983. Fúndase o Consello da Cultura Galega.

9 X. S. Verónica.

10 V. Ss. Elías; Xoán Xacobo Fernández.

11 S. S. Bieito.

12 D. S. Filomena.
1900. Nace en Rianxo o poeta Manuel Antonio.
1906. Morre o compositor galego Pascual Veiga, autor do Himno de Galicia ou a Alborada Gallega.

13 L. Ss. Henrique; Xoel.

14 M. S. Camilo de Leis.

15 M. Ss. Boaventura; Xulio.
1885. Morre Rosalía de Castro en Padrón.

16 X. S. Carme.

17 V. S. Carolina.

18 S. S. Federico.

19 D. S. Arsenio.
1989. Morre o etnógrafo e historiador Xaquín Lorenzo (Xocas).

20 L. Ss. Mariña; Xosé M^a Díaz.
1979. Apróbase o decreto polo que o galego pasa a formar parte do sistema educativo galego.

21 M. S. Daniel.

22 M. S. María Madalena.

23 X. S. Brixida.

24 V. S. Cristina.
1985. Primeira emisión da Televisión de Galicia.
1967. Morre o galeguista Lois Peña Novo.

25 S. Santiago Apóstolo.
813. Descuberta a tumba do apóstolo Santiago polo bispo de Iria Teodomiro.
1965. O xesuita Xaime Seixas celebra en Compostela a primeira misa en galego.

26 D. Ss. Xoaquín; Ana.

27 L. S. Natalia.

Quarto Crecente

28 M. S. Celso.

29 M. S. Marta.

30 X. S. Abdón e Senén.
1881. Nace en Vigo o xornal *La Propaganda*, creado por Ricardo Mella para a defensa e ilustración da clase obreira.

31 V. S. Ignacio de Loyola.

Agosto

O TEMPO



Ao ir do mes o vento cá-lido do sur dará lugar a unha calor que acadará momentos que poderá ser abafante. Isto provocará en certos días nas zona costeiras intensas bré temas. Seguirán as treboadas ameazantes como no mes anterior. A entrada de aire fresco dulcificará no medio do mes o ambiente aínda que non será de moita duración predominando a calor do encete do mes. Non se agarda a presenza de chuva nen sequera flebel, aínda que o tempo en calquera época do ano nos pode sorprenden. Os vento apenas terá intensidade e o mar permanecerá calmo.

*"Agosto ten a culpa e setembro leva a froita"
"Anga de agosto e polvo de abril fan tocar as huchas coma un tamboril"*

DATOS CLIMATOLÓXICOS

	Estación de recollida de datos y media anos	Temperatura media das máximas (°C)	Temperatura media das mínimas (°C)	Temperatura media do mes (°C)	Días de choiva	Precipitación total L/m ²
A Coruña	Mabegondo (2000-2019)	25,47	12,81	18,95	5	37,43
	Fontecada-Sta. Comba (2003-2019)	22,76	13,23	17,50	5	86,59
Lugo	Campus Lugo (2000-2019)	26,73	13,35	19,09	5	19,57
	Pedro Murias-Ribadeo (2000-2019)	23,50	16,20	19,70	4	48,00
Ourense	Gandarela-Celanova (2005-2019)	27,50	13,70	19,40	5	24,50
	Ourense-Ciencias (2005-2019)	30,80	15,00	22,20	4	21,50
Pontevedra	Mouriscade-Lalín (2000-2019)	25,30	10,70	17,80	4	27,20
	Corón-V. de Arousa (2002-2019)	23,20	16,30	19,60	3	55,50

1 S. S. Alfonso María de Ligorio. **1878.** Sae á rúa o primeiro número do xornal *El Correo Gallego*.

2 D. S. Eusebio.

3 L. S. Lidia.

○
Lúa Chea

4 M. S. Xoán María Vianney.

5 M. Ss. Osvaldo; Neves.

6 X. Transfiguración do Noso Señor.

7 V. Ss. Sixto; Caetano.

8 S. S. Domingos de Guzmán.

9 D. S. Xusto.

10 L. S. Lourenzo.

11 M. S. Clara de Asís. **1903.** Nace en Lugo o escritor Ánxel Fole.
○
Cuarto Minguante

12 M. S. Laura.

13 X. S. Víctor.

14 V. S. Alfredo.

15 S. Asunción da Virxe María.

16 D. Ss. Roque; Xema.

17 L. S. Xacinto. **1908.** Sae á rúa o primeiro número de *El Progreso de Lugo*. **1936.** Alexandre Bóveda é fusilado na Caíra (Pontevedra).

18 M. Ss. Helena, Leticia.

19 M. S. Mariano.

●
Lúa Nova

20 X. S. Bernardo.

21 V. S. Pío X.

22 S. S. María Raíña.

23 D. S. Rosa de Lima.

24 L. S. Bartolomeu.

25 M. Ss. Luís (rei); Xosé Calasanz; Pedro Vázquez.

○
Cuarto Crecente

26 M. Ss. Tareixa de Xesús; César. **1990.** Morre o galeguista Ramón Piñeiro.

27 X. S. Mónica.

28 V. S. Agostiño.

29 S. Ss. Xoán Bautista; Sabina.

30 D. Ss. Donato; Ero. **1879.** Créase o Centro Gallego de Montevideo.

31 L. S. Ramón. **1979.** Morre en Vigo o escritor Celso Emilio Ferreiro.

Setembro



O TEMPO

Os ceos se presentarán pouco nubosos en xeral aínda que algún banco de brétema se fará notar no interior. Os días serán desanubidos e sasegados poderán aparecer algunha xeadada e orballo porén de escasa intensidade ao lumbriar o día. Contra final de mes a presenza de nubes baixas quizás poidan traer chuvias porén de carácter velaiño. O vento será forte do norte con máis forza no litoral. No mar de forte marexada a mar de fondo.

*"Despois que pase o San Miguel xa pode ir aos figos quen quixer"
"Polo San Miguel os figos son mel"*

DATOS CLIMATOLÓXICOS

	Estación de recollida de datos y media anos	Temperatura media das máximas (°C)	Temperatura media das mínimas (°C)	Temperatura media do mes (°C)	Días de choiva	Precipitación total L/m ²
A Coruña	Mabegondo (2000-2019)	24,68	11,27	17,76	9	37,67
	Fontecada-Sta. Comba (2003-2019)	21,93	12,42	16,48	8	118,85
Lugo	Campus Lugo (2000-2019)	24,20	11,77	16,99	4	22,27
	Pedro Murias-Ribadeo (2000-2019)	21,60	14,80	18,00	9	51,60
Ourense	Gandarela-Celanova (2005-2019)	24,80	11,70	17,30	3	19,80
	Ourense-Ciencias (2005-2019)	28,60	13,00	19,60	3	23,30
Pontevedra	Mouriscade-Lalín (2000-2019)	23,90	8,90	16,10	4	37,20
	Corón-V. de Arousa (2002-2019)	22,50	15,80	18,70	7	60,80

1 M. S. Arturo.

2 M. S. Moisés.



Lúa Chea

3 X. S. Gregorio Magno.

4 V. S. Irma.
1906. Morre o poeta Valentín Lamas Carvajal.

5 S. S. Victorino.

6 D. Ss. Eva; Evelyne.

7 L. S. Rexina.

8 M. **Natividade da Virxe.**
1897. Nace en Ourense o escritor Eduardo Blanco Amor.

9 M. Ss. Serxio e Omar; Remedios.

10 X. Ss. Nicolás de Tolentino; Adalberto; Pedro de Mezonzo.



Cuarto Minguante

11 V. Ss. Orlando; Roldán.

12 S. S. María.

13 D. S. Xoán Crisóstomo.
1898. Morre en Pontevedra o galeguista Ramón Martínez López.

14 L. S. Imelda.

15 M. **Nosa Señora das Dores.**
1851. Nace en Celanova o escritor Cúrsos Enriquez.

16 M. S. Cibrán.

17 X. S. Roberto.



Lúa Nova

18 V. S. Xosé de Cupertino.

19 S. S. Xenaro.

20 D. S. Amelia.

21 L. S. Mateu.

22 M. S. Mauricio.

23 M. Ss. Lino e Tegra.
1895. Nace en Lalín o aviador Xoaquín Loriga, o primeiro da aviación en Galicia.

24 X. Nosa Señora do Carme.



Cuarto Crecente

25 V. S. Aurelio.
1110. Afonso Raimúndez é proclamado rei de Galicia polo arcebispo Xelmírez.

26 S. Ss. Cosme e Damián.

27 D. S. Vicente de Paúl.


28 L. S. Wenceslao.

29 M. Ss. Miguel; Gabriel e Rafael.

30 M. S. Xerónimo.

Outubro

O TEMPO



Neste mes teremos por un lado días solleiros moi apaciébeis, que dará xenio gozar, por outro vento fresco e vivo do noroeste, orbañadas de mana e bancos de pretema. Nos curutos dos montes comece a axexar a neve ademais dos días tan pequenos nos farán ver que o inverno está ao axexo ao ir destemplando o ambiente, malia os esforzos dalgunha rabena bonanza que gurará para manter o bo tempo. O vento será frouxo do norte e moderado no litoral atlántico. No mar de marexada a encrechada.

"Polo San Clemente erguer a man da semente"
"Outono enxoiro, Nadal vento moito ou pouco"

DATOS CLIMATOLÓXICOS

	Estación de recollida de datos y media anos	Temperatura media das máximas (°C)	Temperatura media das mínimas (°C)	Temperatura media do mes (°C)	Días de choiva	Precipitación total L/m ²
A Coruña	Mabegondo (2000-2019)	20,73	7,78	13,95	12	122,70
	Fontecada-Sta. Comba (2003-2019)	18,62	9,12	13,26	13	282,44
Lugo	Campus Lugo (2000-2019)	19,57	7,81	12,72	10	144,76
	Pedro Murias-Ribadeo (2000-2019)	18,20	10,7	14,40	12	134,10
Ourense	Gandarela-Celanova (2005-2019)	19,10	8,80	13,40	10	87,00
	Ourense-Ciencias (2005-2019)	22,90	8,60	14,80	9	64,80
Pontevedra	Mouriscade-Lalín (2000-2019)	18,90	5,10	11,60	10	129,80
	Corón-V. de Arousa (2002-2019)	19,60	12,20	15,50	11	140,80

1 X. S. Tareixa do Neno Xesús.
 1884. O escritor Vicente Risco nace en Ourense.



Lúa Chea

2 V. S. Anxos Custodios.
 1881. Nace en Viveiro o galeguista Antón Vilar Ponte.

3 S. S. Xerardo.
 1914. Nace en Silleda Ramón De Valenzuela.

4 D. S. Francisco de Asís.

5 L. Ss. Flor; Froilán.

6 M. S. Bruno.
 1923. Morre Andrés Martínez Salazar, transcribui a Crónica Troyana.

7 M. Nosa Señora do Rosario.

8 X. Nosa Señora de Begonia.
 1676. Fr. Benito Jerónimo Feijoo nace en Casdemiro (Pereiro de Aguiar).

9 V. S. Dionisio.

10 S. S. Francisco de Borja.
 1974. Creación do Museo do Traxe Galego.



Cuarto Minguante

11 D. S. Soidade.

12 L. Nosa Señora do Pilar.

13 M. S. Eduardo.

14 M. S. Calisto.

15 X. S. Tareixa de Ávila.
 1702. Entra na ría de Vigo a escuadra que transporta 108 millóns de pezas de ouro e prata, o famoso tesouro de Rande.

16 V. S. Eduvixes.
 1881. O músico Marcial De Adalid morre na Coruña.



Lúa Nova

17 S. S. Margarida Mª de Alacoque.

18 D. S. Lucas.

19 L. Ss. Paulo da Cruz; Renato.
 1869. Nace en Mondoñedo o escritor Noriega Varela.

20 M. S. Irene.
 1929. O compositor Reveriano Soutullo estrea o pasodobre Pontareas.

21 M. S. Úrsula.
 1886. Nace o filósofo Xoán Vicente Viqueira.

22 X. S. Sara.


23 V. S. Remigio.
 1923. Fundación do Seminario De Estudos Galegos.



Cuarto Crecente

24 S. Ss. Antón Mª Claret; Paderna.

25 D. S. Olga.
 1854. Nace en Mondoñedo Manuel Leiras Pulpeiro.



Cambio horario (atrasarase o reloxo 1h)

26 L. S. Darío.

27 M. S. Gustavo.

28 M. Ss. Simón; Xudas.

29 X. S. Narciso.
 1977. Inauguración do Museo Do Pobo Galego.

30 V. S. Alonso.
 1920. Aparece o primeiro número en Ourense da revista "NÓS"

31 S. S. Lucía.



Lúa Chea

O TEMPO

Este mes dara comezo con predominio de chubascos no litoral que serán persistentes con treboadas que non obstante no interior serán menos intensas. A estos días de ceos atoadados poderán seguir outros desanubiados porén que farán que as xeadas se fagan sentir ao mecer. Polo xeral o vento frío do norte fará que o tempo non invite a sair das casas. As nevadas xa non só acadaran aos cumios dos montes senón que chegarán tamén as súas abas. Aínda que coma sempre a chegada puntual do veraniño de San Martiño nos vai albendrar deste tempo con tan pouco achego. O vento do oeste, forte ao norte e litoral atlántico con refachos moi fortes porén moi frío o mar de fondo do noroeste.



*"Polo San Martiño nin fabas nin liño"
"No San Martiño remonta cada día un ferradiño"*

DATOS CLIMATOLÓXICOS

	Estación de recollida de datos y media anos	Temperatura media das máximas (°C)	Temperatura media das mínimas (°C)	Temperatura media do mes (°C)	Días de choiva	Precipitación total L/m ²
A Coruña	Mabegondo (2000-2019)	15,70	7,13	11,21	19	228,73
	Fontecada-Sta. Comba (2003-2019)	13,13	6,98	9,89	20	607,31
Lugo	Campus Lugo (2000-2019)	13,70	5,23	8,93	19	158,71
	Pedro Murias-Ribadeo (2000-2019)	16,00	9,60	12,70	11	109,10
Ourense	Gandarela-Celanova (2005-2019)	12,50	6,50	9,20	17	190,10
	Ourense-Ciencias (2005-2019)	15,90	6,90	10,60	17	168,00
Pontevedra	Mouriscade-Lalín (2000-2019)	12,90	5,00	9,00	20	242,40
	Corón-V. de Arousa (2002-2019)	15,40	10,30	12,80	20	276,70

1 D. **Todos os Santos.**
1567. Nace en Baiona Diego Sarmiento De Acuña, Conde de Gondomar.
1849. Nace en Ourense o escritor Valentín Lamas Carvajal.

2 L. Todos os Fieis Defuntos.

3 M. S. Martiño de Porres.
1853. Sae á rúa o primeiro número de Faro De Vigo.

4 M. S. Carlos Borromeo.

5 X. S. Silvia.

6 V. S. Leonardo.

7 S. Ernesto.

8 D. S. Ninfa.



Cuarto Minguante

9 L. S. Teodoro.
1959. Nace en Cambados o escritor Ramón Cabanillas.

10 M. S. León Magno.

11 M. S. Martiño de Tours.

12 X. S. Cristián.

13 V. S. Diego.
2002. Afundimento do petroleiro Prestige fronte ás costas galegas.

14 S. S. Humberto.
1738. Nace en Noia o escultor Xosé Ferreiro.
1886. Nace en Ourense o investigador Florentino López Cuevillas.
1916. Sae á rúa o primeiro número da publicación galeguista "A Nosa Terra".

15 D. S. Alberte Magno.
1944. Créase en Montevideo o Consello De Galiza.



Lúa Nova

16 L. Ss. Margarida; Xertrude.
1877. Nace en Ourense o músico Francisco Santalices.

17 M. S. Sabela de Hungría.
1918. 1ª Asemblea en Lugo das Irmandades Da Fala.

18 M. S. Elsa.

19 X. Ss. André; Avelino.

20 V. S. Edmundo.

21 S. S. Presentación da Virxe.

22 D. Ss. Cecidia; Xoán de Pontevedra.



Cuarto Crecente

23 L. S. Clemente.
1879. Reunión de creación do Centro Galego Na Habana.

24 M. S. Flora.

25 M. S. Catarina Labouré.

26 X. S. Delfina.

27 V. Ss. Virxilio; Facundo; Primitivo.

28 S. S. Branca.

29 D Primeiro Domingo do Advento.
S. Saturnino.

30 L. S. André.
1232. Consagración da Catedral De Tui.
1833. As sete Provincias Galegas do antigo reino de Galicia pasan a ser as catro actuais.



Lúa Chea



Nadal

O TEMPO

Ao longo do mes os ceos estarán cubertos con brétemas e bancos de parrumeira sobre todo nas zonas altas. As chuvias aparecerán espalladas por determinados bisbarras da Comunidade podendo acadar en algunhas zonas certa intensidade que farán que os ríos saian dos seus baltróns asulagando as leiras que teñen a unha e outra banda. O cariz do tempo será de xeadas e orballos moi fortes nos encetes dos días. E a neve xa ira enchendo os camiños e as congostras, polo que serán tempos no rural para o labrego de "leña e durme". O ventos alporizados no litoral norte e o estado do mar de marexada a mar grosa.

*"O que queira ter unha boa allada que o plante no nadal"
"Po en Nadal e lama en agosto, fame no rostro"*

DATOS CLIMATOLÓXICOS

	Estación de recollida de datos y media anos	Temperatura media das máximas (°C)	Temperatura media das mínimas (°C)	Temperatura media do mes (°C)	Días de choiva	Precipitación total L/m ²
A Coruña	Mabegondo (2000-2019)	15,41	6,35	10,61	12	83,12
	Fontecada-Sta. Comba (2003-2019)	12,98	7,09	9,84	18	381,62
Lugo	Campus Lugo (2000-2019)	12,89	4,51	8,09	10	89,92
	Pedro Murias-Ribadeo (2000-2019)	15,60	9,20	12,30	9	52,50
Ourense	Gandarela-Celanova (2005-2019)	12,60	6,40	9,10	9	74,50
	Ourense-Ciencias (2005-2019)	14,10	5,70	9,30	9	86,30
Pontevedra	Mouriscade-Lalín (2000-2019)	13,90	4,20	8,60	11	112,50
	Corón-V. de Arousa (2002-2019)	14,90	9,80	12,20	14	168,20

1 M. S. Florencia.
1979. O escritor Eduardo Blanco Amor morre en Vigo.

2 M. S. Viviana.


3 X. S. Francisco Xabier.

4 V. Ss. Xoán Damaceno; Bárbara.
1967. Fundación de Edicións Do Castro.

5 S. S. Ada.

6 D. S. Nicolás.
1931. Fundación en Pontevedra do Partido Galeguista.

7 L. S. Ambrosio.

8 M. Inmaculada Concepción.

Cuarto Minguante


9 M. S. Jéssica.
1617. Cangas foi saqueada polos turcos.

10 X. Nosa Señora de Loreto. S. Eulalia.

11 V. S. Dámaso.

12 S. Nosa Señora de Guadalupe.
1925. O Pazo de Castrelos é doado a Vigo por Quiñones de León.

13 D. S. Lucía.

14 L. S. Xoán da Cruz.

Lúa Nova
1895. Nace en Betanzos o músico José Rodríguez Arriola.

15 M. S. Reinaldo.

16 M. S. Alicia.
1811. Nace en Pontevedra o escritor Xoán Manuel Pintos.
1884. Nace en Vilanova de Arousa o escritor Julio Camba.


17 X. S. Lázaro.
1900. Nace en Laxe o investigador e xeólogo Isidro Parga Pondal.
1932. Redacción do 1º Estatuto de Galicia.

18 V. S. Sonia.
1895. Nace en Lugo o escritor Luís Pimentel.

19 S. S. Urbano.
1981. Constitución do Parlamento De Galicia.

20 D. Ss. Abrahán; Isaac; Xacobe.
1907. O Himno Galego estréase no Gran Teatro da Habana.

21 L. Ss. Pedro Canisio; Aldara.
1121. Entrega de Dona Urraca a Xelmírez das Torres do Oeste.
1980. Referendo do Estatuto De Autonomía.

22 M. S. Fabiola.

Cuarto Crecente
1884. Nace en Ourense o escritor Antón Losada Diéguez.
1896. Primeira proba da luz eléctrica en Vigo.
1911. Nace en Mondoñedo Álvaro Cunqueiro.

23 M. S. Victoria.
1973. Morre en Vigo o pintor Urbano Lugrís.

24 X. S. Adela.

25 V. Natividade do Noso Señor. Noel; Noelia.

26 S. S. Estevo.

27 D. S. Xoán.

28 L. S. Santos Inocentes.

29 M. Ss. Tomé Becket; David.

30 M. S. Roxelio.


Lúa Chea

31 X. S. Silvestre; Fránquila.



Ampligo® 150ZC

¿quere o control?



Ampligo® 150ZC

dobre eficacia en acción
para o control de lepidópteros no millo

56

syngenta.



Guieiro de herbas medicinais

Carrasca uces, breixo ou carroucha (*Erica cinerea* L.)
Cast. Brezo.

Descrición

É un arbusto de talle baixo cunha altura que varía entre 15 e 75 cm, coas follas finas en forma de agulla, de 4 a 7 mm de longo e verticiladas por tres. As poliañas, rexas e pardas, áchanse cubertas por unha vilosidade de cor cincenta.

Medra en solos descalcificados (planta calcífoba) e non excesivamente húmidos. Forma parte de distintos tipos de uceiras e matogueiras de talle baixo. É unha planta frecuente en Galicia onde se desenvolve sobre solos acedos (silíceos) de pouca a mediana profundidade, mesturada con outras carrouchas, toxos e uces. Atópase desde o nivel do mar até os 100–1100 m en zonas con clima de subhúmido a hiperhúmido.

Propiedades e indicacións

As inflorescencias son antidiarreicas e están indicadas contra as afeccións renais e das vías urinarias, grazas á súa riqueza en taninos e flavonoides.

A erica úsase principalmente como un poderoso antiséptico e diurético natural pois desinfecta o tracto urinario, ao mesmo tempo que aumenta a produción de ouriños.

Empregase eficazmente na cistite e na inflamación da vexiga, así como padecemento de cálculos renais.

Utilízase tamén no caso de agrandamento da próstata, para aliviar algúns trastornos gastrointestinais e inclusive acougar a dor producida por cólicos

É moi útil tamén en caso de padecer problemas hepáticos, respiratorios e mesmo é moi boa para combater o insomnio.

Preparación e emprego

Pódese empregar a erica ou breixo en forma de decocción, agregala ao baño e inclusive preparar infusións para beber e depurar o organismo. Macerando as súas flores en alcol permitirá utilizala se se sofre reumatismo, artrite ou gota, xa que fregando as partes afectadas sentirase un alivio inmediato. Tamén se pode empregar a erica como cataplasma quente coas follas e flores. Colócase sobre as frieiras para aliviar a dor e as molestias que provocan.

No caso de necesitar un diurético, utilizar a erica pode ser unha gran solución natural. Para iso deberase quentar un litro de auga e cando rompa a ferver, colocarse unha presada de ramas florecidas. Déixase ferver durante uns 10 minutos e filtrase. Bébese unha cunca desta infusión despois de cada comida.



57

Leitería mexacán, leitaruga (*Taraxacum officinale*)
Cast. Diente de León.

Descrición

Esta planta perenne, con raíz primaria longa e roseta basal, adoita alcanzar 40 cm de altura. Ten follas alternas lanceoladas cunha nervadura central, sen pecíolo diferenciado, pinnatipartidas con lóbulos en forma triangular de marxes dentadas e agudas, ás veces presenta microvilosidades. Flores hermafroditas dunha cor amarela dourada que a fan facilmente identificable.

Propiedades e indicacións

É unha planta depurativa, indicada para purificar o organismo de elementos tóxicos. Pode actuar no fígado, riles e a vesícula biliar, e co seu efecto diurético evita a aparición de pedras nos riles. Tamén é un tónico dixestivo contra o estrinximento e a resaca de alcol. A raíz seca utilízouse como substituto da chicoria. As súas follas conteñen gran cantidade de vitamina A, C e ferro.

Preparación e emprego

A leitería pódese preparar como infusión de follas frescas: botar 2 culleres de follas picadas en ¼ de litro de auga, levar a ebulición e deixar repousar 10 minutos antes de coar.

Como infusión de raíz: botar 3 culleriñas de raíz de leitería nunha cunca de auga, levar a ebulición e deixar repousar durante 15 minutos antes de coar.

En marmelada: esta marmelada a miúdo tamén chamada mel de leitería, pola súa semellanza á textura do mel de abellas, é moi típica nalgúns zonas de Europa. A mellor época para facer a colleita das flores é en abril ou maio, e aconséllase realizalo ao mediodía.

Normalmente úsase en ensaladas. Para preparar ensaladas é mellor usar as follas novas e tenras que saen na primavera, antes da floración, xa que resultan menos amargas.

Antigamente xa se usaba a raíz da leitería para substituír o café. A mellor época para preparalo e extraer as raíces é no outono: lavar as raíces, cortar en anaquiños e deixar secar, despois torrarse no forno a 180 °C durante 20 minutos, ata se douraren, a continuación moer e preparar como o café normal.



Leiterena (*Euphorbia helioscopia* L.)
Cast. Lechetrezna.

Descrición

E. helioscopia é unha planta herbácea anual nativa de Europa, onde crece de maneira silvestre nas praderías e á beira dos camiños. Aparece raramente nalgúns lugares de América e o norte de África. Require solos lixeiros ou medios, moita luz e pouca humidade para xerminalar. Nace con frecuencia espontaneamente en terreos baldíos, chairas, ao bordo de camiños e no exterior da marxe boscosa nas rexións tépedas de Europa.


Propiedades e indicacións

Toda a planta é moi tóxica polo seu látex fortemente vesicante e irritante. Tradiionalmente foi utilizada por pastores e gandeiros para callar o leite, tanto na fabricación de queixo como de leite callado. Atribúenselle á *Euphorbia* propiedades antiinflamatorias, antiartríticas, antiamebianas, espasmolíticas, antivirais, hepatoprotectoras e antitumorais. A planta contén alcaloides, terpenos, glicósidos cianoxénicos e taninos. Como medicinal veuse empregando no tratamento das verrugas, aplicando o látex directamente sobre elas. Pola súa toxicidade para os peixes, eran empregadas para pescar machucándoas e botándoas en remansos e pozos de ríos, os peixes subían apampados á superficie.

Preparación e emprego

Pola súa toxicidade non se recomenda a utilización en medicina caseira. Quizais o seu emprego menos problemático é no uso contra as verrugas, xa que actúan máis ou menos da mesma maneira que os produtos da farmacia destruíndo a verruga. Para iso úntanse co látex, tendo moito cuidado de que o devandito látex non entre en contacto cos ollos e zonas sensibles da pel, porque pode provocar conxuntivite e irritacións da pel graves.

No século XVI recomendábase tomar de 15-20 sementes de herba rateira (herba do cuco, *escurripta*) (*E. lathyris*), unha planta do mesmo xénero que a leiterena, para purgarse. Estas sementes son doces, o cal pode ser enganoso, sobre todo para os nenos. A inxestión excesiva destas sementes pode producir ademais de purga e vómitos violentos unha irritación xeral do aparello dixestivo, intestinos etc.



ESTADOS	NO INVERNO	GROMOS	ACIOS Á VISTA	COMENZO DA ESFARNA	REMATE DA ESFARNA	GRAN DE ERVELLA	PECHE DO ACIO	NA PINTA	3 SEMANAS ANTES DA VENDIMIA
PRAGAS E ENFERMIDADES									
MILDEU		RIDOMIL GOLD MZ PEPITE	RIDOMIL GOLD MZ PEPITE OU QUADRIIS OU PERGADO F	QUADRIIS OU PERGADO F	Ampexio®		Ampexio® C	CuprantolDuo	CobreSandoz
OÍDIO	THIOVIT-JET	THIOVIT-JET	THIOVIT-JET OU TOPAS 200	TOPAS 200	Dynali®			TOPAS 200	
PODRE DA UVA						SWITCH		SWITCH OU GEORGE	SWITCH
VERMES DA UVA				KARATE ZEON+ 1,5CS OU COSTAR OU INSEGAR	KARATE ZEON+ 1,5CS OU COSTAR OU INSEGAR				KARATE ZEON+ 1,5CS OU COSTAR OU INSEGAR
NUTRICIÓN E REGULACIÓN					ISABIÓN ABOFOL	ISABIÓN ABOFOL			

No caso de ataques de "Acariosis" ou "Araña Vermella", aplicar VERTIMEC.



Outros males da viña



ÁCAROS

Case sempre se encontran nas follas. Son de tamaño moi pequeno, visible con lupa. Poden causar danos importantes á viña, producindo a caída prematura das follas e dificultando a maduración do gran con diminución do grao alcohólico, así coma o bo agostamento dos bacelos.

Debe tratarse ao comezo dos primeiros síntomas ou de forma preventiva cun produto como **Vertimec** (75 ml/hl), mollando homoxeneamente toda a follaxe.



PODRE DA UVA

Este mal ataca sempre as mellores castes do país e tamén a todas aquelas de acio pecho.

- O primeiro tratamento farase ó remata-la "Purga" con **Switch** ou **Geoxe**.
- Os outros tratamentos faranse con **Switch** antes do peche do acio e durante o pintor. Prazo de seguridade 21 días. Pode mesturarse cos produtos antimildeu. Dose 0,6-1 kg/ha.



VERME DA UVA

É un verme que no primeiro come as flores do acio e fai unhas teiñas como se fose unha araña; máis tarde fura as uvas e podrecen por esta causa. Esta praga tópanse en case que todas as viñas, uns anos máis que outros. Combátese botando **Karate Zeon** + 65-130 ml/hl.



BLACK-ROT OU PODREMIA NEGRA

Esta enfermidade ataca con virulencia a follas, bacelos e acios da vide. Produce manchas de color vermella ladrillo e cóbrese nos seu interior de pequenas pústulas negras circulares. En acios produce a desecación e engurrado dos grans.

Tratar con **Dynali** 50-65 ml/hl ou **Cuprantol Duo** a 1,5-2,5 kg/ha.



REFORZAMENTO DAS CEPAS

Os nosos viñedos son moi pouco fertilizados, por iso vanlle moi ben os tramentos cun "fertilizante foliar". Deben facerse tres ou catro aplicacións durante a época de máis medrío das gromadas e uvas.

Aplicar **Isabión** a 300 ml/hl ou **Abofol** a 100-150 g/hl. Este fertilizante pode mesturarse no momento do tratamento cos produtos indicados contra o Mildeu. A partir do pintor aplicacións con **Stimufol K** 300 g/hl favorecen a maduración da uva.



MALAS HERBAS

Para combater as malas herbas que nacen entre as cepas, na parada vexetativa da viña, pódese actuar con **Touchodwn Premium** a dose de 2-5 l/ha malas herbas anuais e de 5 a 7,5 l/ha para as vivaces.

Se o que se precisa é un desherbado duradeiro, botárase **Terafit**, herbicida de pre e postemerxencia contra malas herbas anuais de folla estreita e ancha.

Consellos para os coidados da viña



CANDO PLANTES CEPAS, procura un patrón axeitado á túa terra: nas terras soltas e secas de ladeira precisa plantas con patrón de raíz profunda; nas terras frescas de ribeira, a clase de ten que ser de raíz máis superficial. Tamén é importante que a afinidade da caste de cepa a enxertar con patrón sexa boa. Antes de mercar os patróns ou cepas enxertadas, convén asesorarse nas Oficinas Agrarias Comarcais ou na Estación de Viticultura e Enoloxía de Galicia.



GALICIA, POLA SÚA CLIMATOLOXÍA, é un país endémico de enfermidades de fungos, especialmente “Mildeu”. Os tratamentos de inverno contribúen a unha sanidade mellor das cepas.



OS LABORES FONDOS DA VIÑA deben facerse sempre na plena parada invernal, sempre antes da movida do zume.



O RISCO DE XEADAS AUMENTA nas viña con herba. No mes de abril, en que hai risco de xeadas tardías, as cepas deben ter un solo limpo de herbas. Unha aplicación de REGLONE nese mes é moi recomendable. É posible facer a aplicación con TOUCHDOWN PREMIUM, tendo en conta non mollar nin pámpanos, nin gromos nin follas.



COMEZA A SULFATAR cando vexas que hai risco; non esperes a cando sulfate o veciño ou a que cho diga alguén de fóra da túa bisbarra; as viñas de cada terra e de cada caste teñen riscos distintos; a túa experiencia de anos anteriores é a que máis vale.



NON SACHES A VIÑA CANDO está próxima a “purga” ou “esfarina”, pois un pequeno dano nas finas raíces da superficie pode ser motivo de caída de flor.



OS PRIMEIROS TRATAMENTOS ata inicio de floración con RIDOMIL GOLD MZ PEPITE. E ata o grao de ervella é axeitado facelos con AMPEXIO, PERGADO F ou QUADRI; este sulfato combate el só “Mildeu”, “Oídio”, ademais é dos indicados nos programas de “Loita Integrada”.



